

QUE É O AGA?

O Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) é un acordo estipulado ao abeiro do artigo 83.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de eficacia xeral, asinado en 1992 polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa Comunidade Autónoma (CIG, S.N. de CCOO de Galicia, UGT Galicia e CEG).

Foi o primeiro acordo asinado en Galicia e o terceiro acordo destas características asinado a nivel estatal.

En data 28 de novembro de 2019 asinouse un novo acordo que, entre outras novidades, inclúe a xestión dos procedementos de solución de conflitos individuais de traballo, aínda que a súa implantación realizárase de xeito paulatino e gradual.

POR QUE ACUDIR AO AGA?

Os acordos acadados e os laudos arbitrais ditados ao abeiro do AGA teñen valor de convenio colectivo e forza executiva.

- As partes sempre son escoitadas, garantíndose en todo momento principio de contradición, o que se acredita no elevado grao de satisfacción dos usuarios do servizo.
- As persoas mediadoras e árbitras distínguense pola súa acreditada experiencia, profesionalidade e formación no eido das relacións laborais, desenvolvendo a súa actividade con absoluta imparcialidade.
- O servizo é totalmente gratuíto para as partes.
- Os prazos de tramitación dos procedementos destacan pola súa brevidade.
- Os procedementos tramitados ao abeiro do AGA acadaron, dende os seus inicios, unha porcentaxe de acordos que ronda o 80%.

COMO ACUDIR O AGA?

Débase descargar e cumprimentar o formulario na seguinte ligazón:

<https://www.cgri.gal/aga-2/modelo-de-solicitudes/>

Posteriormente achegarase o dito documento por correo electrónico a:

soluciondeconflitos.cgri@xunta.gal



AGA

Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo

SERVIZO DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS

Rúa da Algalia de Abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
Telf: 981 541 601 / 981 957 019
<https://www.cgri.gal/>



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**



PARA QUE SERVE O AGA?

O AGA posibilita a procura de solucións aos conflitos colectivos de traballo de interpretación e aplicación, así como de intereses, calquera que sexa o sector ou subsector de actividade sempre e cando o ámbito territorial no cal estes conflitos produzan os seus efectos non exceda o da Comunidade autónoma galega.

De xeito específico cómpre destacar os seguintes:

- Conflitos colectivos xurídicos sobre interpretación e aplicación dunha norma legal ou convencional ou práctica de empresa.
- Conflitos relacionados coa negociación colectiva.
- Procesos de negociación substitutorios de períodos de consulta previstos legalmente.
- Conflitos na determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga.
- Conflitos derivados de bloqueos ou discrepancias na negociación dos Plans de Igualdade.